

# O triunfo da cultura anónima

ANA MIRANDA

A candidatura do Patrimonio Oral Galego-Portugués ten moitas posibilidades de ser proclamada o vindeiro 25 de novembro Obra-Mestra da Humanidade, na liña bianual de protección do "Patrimonio Oral e Inmaterial" da UNESCO. Unha candidatura transnacional que nace da sociedade civil, defendendo unha cultura común viva e en grave perigo de extinción, cunha mostra de excelencia cultural con fortes pegadas na tradición e na diversidade, requisitos todos esixidos pola organización internacional.

*"Corren maior perigo as culturas e os saberes conservados polas persoas, do que os monumentos ou as paisaxes"*

A UNESCO abre neste sentido en 1999 unha nova liña de protección do Patrimonio e as primeiras proclamacións nacionais e multinacionais teñen lugar en 2001. A *Asociación pedagóxica e cultural "Ponte...Nas Ondas!"*, na que participam, alén das Escolas Asociadas á UNESCO outras escolas de Galiza e de Portugal, viña integrando dende 1995 os proxectos deste organismo nas súas actividades de aula, radio e a internet. Avaliouse, entón, a importancia que podería ter para a cultura tradicional galego-portuguesa o recoñecemento internacional que tería a proclamación como Obra Mestra da Humanidade pola UNESCO dun patrimonio oral inmaterial común aos galegos e aos portugueses integrado pola literatura de tradición oral, as tradicións orais ligadas ás actividades agrarias, marítimas e fluviais, aos saberes e oficios tradicionais e ao mundo das festividades e do lecer.

Entretanto, a UNESCO aproba a Convención Internacional sobre o Patrimonio Inmaterial en 2003, na que se lle outorga á educación un papel destacado na preservación e transmisión deste patrimonio. A candidatura galego-portuguesa, primeira no mundo a ser promovida a partir do ámbito da educación, coa participación de escolas asociadas á propia UNESCO, gañou aínda máis interese dentro desta nova perspectiva.

## ■ O PROCESO:

### UN LONGO PERCORRIDO EN SOLITARIO

A Asociación "Ponte... Nas Ondas!", que até entón tiña realizado unha serie de contactos con persoas, institucións e asociacións do mundo da cultura, inicia xestións coas administracións, no sentido de obter a participación das mesmas na elaboración do dossier que debería ser entregado na UNESCO polos gobernos español e portugués. Despois de meses durante os que se tenta conseguir o compromiso institucional con esta iniciativa, explicándolles as enormes potencialidades deste proceso iniciado a partir da base da sociedade, non se asume un compromiso definitivo. Mostra evidente deste desinterese é o sucedido na reunión do Consello de Patrimonio do Estado Español, celebrada o 18 de xuño de 2004 en Santiago de Compostela, para seleccionar a Candidatura Nacional que España presentaría. A Consellaría de Cultura, anfitriña da reunión, desaproveitou a oportunidade de dar a coñecer a existencia desta candidatura multinacional adicional, cousa que, por outro lado, fixo o Ministerio de Cultura coa candidatura, tamén multinacional, do *Flamengo*, omitindo dar información sobre a candidatura galego-portuguesa, malia o compromiso previo existente en propor a candidatura. A partir desta reunión do Consello de Patrimonio, o Ministerio de Cultura anuncia a presentación, polo Estado Español, da Candidatura da Festa "Patum de Berga" (Barcelona) como candidatura nacional, e do *Flamengo* como multinacional. Perante esta situación, a División de Patrimonio Inmaterial da UNESCO esclarezcelles aos promotores que non existe ningún impedimento para que Portugal propona e Espa-

o patrimonio oral galego-portugués podería converterse en 'obra mestra da Humanidade' durante a xuntanza que a UNESCO ten prevista para o 25 de novembro. De ter éxito, o mérito ha ser, por primeira vez nunha iniciativa deste tipo, da sociedade civil.



Membros da delegación galega que presentou en Bruxelas a proposta para a Unesco.

ña o acompañe na presentación dunha candidatura multinacional adicional. Entón, o Ministerio da Cultura de Lisboa confirma a súa intención de presentar a candidatura galego-portuguesa.

Apenas poucos recursos e escaso compromiso do goberno galego anterior, para a elaboración do proxecto. Foron as contribucións dalgunhas –que non todas– entidades culturais, e o traballo desinteresado de profesores, prestixiosos antropólogos e fotógrafos galegos e portugueses, que posibilitaron presentar un dossier sólido e fundamentado. Mentras o goberno galego escapaba deste tema que consideraba meramente *culturalista*, a sociedade civil continuaba a lle transmitir apoios á candidatura, incluíndo o parlamento galego, baixo iniciativa do BNG-PSdeG, dunha proposta de apoio á candidatura en setembro de 2004. Este proceso culmina coa entrega da candidatura na sede da UNESCO en París, por unha delegación de profesores e de diplomáticos españois e portugueses hai agora un ano en París.

Despois dun rigoroso exame da candidatura, a UNESCO envía os promotores algunhas recomendacións de orientación do proxecto, e unha vez máis os promotores atópanse en absoluta soidade, tendo que realizar un inmenso traballo documental en poucas semanas, para evitar que a iniciativa se extinguiña. A UNESCO comunica no mes de xullo, a través da Delegación Permanente de Portugal, que o dossier da Candidatura de Patrimonio Inmaterial Galego-portugués superara o proceso de avaliación administrativa, sendo cualificado de "*profundamente documentado e completo en todas as súas partes*". A candidatura entra, así, na fase final da proclamación, sendo remitida ao xuri internacional ao seu veredicto definitivo o 25 de novembro.

Constatado o feito que na fase de impulso de preparación da candidatura o goberno do PP non se empregou con soltura, senón con indeferencia, pois nin sequera os promotores foron recibidos polo conselleiro de Cultura, é importante lembrar que non se aproveitou esta oportunidade para dinamizar a Comisión de Traballo Galiza-Norte de Portugal, co fin de empurrar de forma innovadora á eurorexión e aproveitar este proxecto para o que podería ter si-

do unha macroproxecto cultural, turístico, educativo, económico, agroalimentario, artesanal, etc, de cooperación transfronteiriña, susceptible de recibir fondos comunitarios da Iniciativa INTERREG II A.

## ■ A CHEGADA DO VERÁN

Houbo que esperar ao cambio no goberno galego para que esta candidatura reciba o pulo definitivo de promoción e difusión a nivel institucional. Os promotores empezan no mes de setembro unha incesábel axenda de contactos institucionais con membros do goberno da Xunta de Galiza e con cargos con responsabilidades relacionadas con esta. A aprobación dunha proposición non de lei do BNG no Congreso dos Deputados, pedindo o apoio explícito e o pulo do Estado á candidatura. Empezan tamén os cambios na difusión: na última semana de mandato do ex-director da CRTVG asíñase un convenio de colaboración de difusión na candidatura, que vai empezar nos vindeiros semanas a difundirse. Continúan os actos e adhesións en todo o país. Iníciase tamén unha fase de diplomacia cultural de promoción exterior, promovida pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte, que empeza en Barcelona, en colaboración co Foro Cívico Galego de Barcelona e co Instituto Camões, en Bruxelas, coa axenda institucional desenvolvida no parlamento europeo e na Comisión, e o acto público na *Livraria Orfeu*, como na celebración do acto de presentación pública no Círculo de Belas Artes de Madrid, así como os futuros actos de Vigo e o Porto coa presentación do cd-libro "Meninos cantores" e de Lisboa. Continúan en París os contactos diplomáticos con diferentes Embaixadas, coas colectividades galega e portuguesa da diáspora e intelectuais como Ramón Chao e Vidal-Beneyto, co fin de sumar máis e máis apoios.

## ■ A CANDIDATURA DAS PERSOAS E DA COMUNIDADE COMÚN

Defínese o Patrimonio Inmaterial como "*as prácticas, as representacións e expresións, os coñecementos e as técnicas que lles proporcionan ás comunidades, aos grupos e aos individuos un senti-*

*mento de identidade e de continuidade*".

A cultura tradicional galego-portuguesa constitúe un claro exemplo de transmisión de saberes, baseada na componente oral mantida ao longo da historia a través dos portadores, cada unha das persoas anónimas que consciente ou inconscientemente fai que a tradición oral perviva. Por esta razón, resulta evidente que a proclamación da candidatura como obra mestra da Humanidade, pode abrir portas a novas maneiras de facer en moitos terreos, a dignificar a nosa cultura anónima, a eliminar o concepto de fronteira, para que as iniciativas da sociedade civil dun doutro lado teñan apoio institucional, tamén a superar conflitos, prexuízos, a unir os territorios da comunidade galego-portuguesa, o interior –incomunicado salvo a existencia de certos proxectos illados e case sempre nacidos da sociedade civil– e o exterior, xa que tanto a diáspora galega como a portuguesa non están apenas relacionadas e proxectos como este poden facer atallos de comunicación na emigración. Atallos e pontes, pontes e atallos para unir a mesma realidade.

A proclamación da candidatura pode, sobre todo, ademais de potenciar proxectos comúns, universalizar o patrimonio inmaterial doutras realidades do mundo nos que existe esta cultura e tradicións comúns, dende o Brasil a Angola e Goa. A proclamación e o apoio institucional a un plano de actuación poden traer a esperanza de pervivencia e a transmisión nas escolas desta realidade diversa. Por iso, a esperada proclamación terá que ser adicada aos meniños, aos cativos, ás crianzas, aos pícaros... das beiras das ondas. Tamén ás persoas concretas, os promotores infatigábeis como Santiago Veloso, Lourdes Carita e Xabier Prado, xunto ao interminábel número de voluntarios que cooperaron. A un mes vista da decisión da UNESCO, precísanse máis apoios individuais e colectivos para a candidatura, que vaian máis alá das emocións internas, que fagan un acto expresivo de difusión e cooperación. ♦

ANA MIRANDA é responsable da oficina do BNG no Parlamento Europeo.

Máis información: [www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org)